



Delegación Territorial de Lugo
 Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria

Ronda da Muralla, 70
 27071 Lugo

INFORME SOBRE O ESTUDO DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA



Expediente: P-11-98.

Proxecto: Parque Eólico Serra de Liñares.

Concellos: A Fonsagrada, Negueira de Muñiz (Lugo).

Promotor: Airosa Vento, S.L..

Órgano sustantivo: Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Delegación Territorial de Lugo.

Con data 22/03/2011 recíbese na Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe a consulta por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Delegación da Territorial de Lugo, respecto ao Estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia, e no que atinxe ás competencias propias do Instituto de Estudos do Territorio:

ANTECEDENTES

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental decide someter o proxecto de referencia ao trámite de Avaliación de impacto ambiental, conforme ao establecido no artigo 3.2. do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos (modificado pola Lei 6/2010, do 24 de marzo) para os proxectos do anexo II.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

En virtude do punto dous da disposición adicional segunda do *Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, e do artigo 13 do Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*, o Instituto de Estudos do Territorio asume as competencias en materia de paisaxe.

O proxecto consiste na instalación dun parque eólico nos concellos de A Fonsagrada e Negueira de Muñiz (Lugo), composto por 16 aeroxeradores para acadar unha potencia total instalada de 48 MW e a súa infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, gabias do cableado, subestación eléctrica, edificio de control e torre meteorolóxica. A instalación encádrase na zona eólica 2, dentro da ADE Serra de Liñares.

Actualmente, a zona non ostenta figuras autonómicas ou estatais de protección dos espazos naturais, aínda que se atopa no ámbito da Reserva da Biosfera Río Eo, Os Oscos e Terras de Burón, nas proximidades da fronteira co Principado de Asturias.

En cumprimento do artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da paisaxe de Galicia, presentase como anexo I ao Estudo de impacto ambiental un Estudo de impacto e integración paisaxística. O dito contén: diagnose do estado actual da paisaxe, características principais do proxecto, impacto previsto do proxecto sobre os elementos que configuran a paisaxe, xustificación

de como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística, e as determinacións das directrices de paisaxe establecidas para a unidade de paisaxe na que se pretende executar a actuación e os criterios e as medidas que se deben adoptar para acadar a integración paisaxística do proxecto.

Considérase axeitada a diagnose do estado actual da paisaxe realizada no EIP. O EIP analiza os principais compoñentes da paisaxe, valores paisaxísticos, visibilidade do proxecto para á cal establece cunças visuais-cunca visual do parque e cunca visual de cada un dos aeroxeradores-nun radio de 10 quilómetros, tendo en conta o número de potenciais observadores, nos núcleos de poboación, principais vías, elementos naturais e culturais (Camiño de Santiago-Camiño Primitivo). Esta análise de visibilidade complementábase coa cartografía e as simulacións 3D. Dentro da diagnose do estado actual da paisaxe, o EIP, realiza unha análise da fragilidade da paisaxe da área de estudo a cal foi dividida en dúas unidades paisaxísticas (Serras-Liñares e Penas Apañadas-, e Vales-Suarna, Navia, Navallo).

Sinalar que os criterios e as medidas que se deben adoptar para conseguir a integración paisaxística do proxecto propostos no EIP considéranse suficientes, incluídos os que se recollen no anexo II do EIA, *Plan de restauración e revexetación dos solos*. Se ben considerase que as medidas de integración propostas para a subestación eléctrica e para o edificio de control deben quedar especificadas no proxecto incorporando ao mesmo os planos nos que se detallen as características dos alzados e os pechamentos.

CONCLUSIÓNS

Sen prexuízo dos demais informes ou autorización legalmente esixibles e tendo presentes as cuestións anteriormente propostas, consideramos que o Estudo de impacto e integración paisaxística presentado, axústase formalmente aos contidos establecidos no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da paisaxe de Galicia. Non obstante deberán incorporarse ao proxecto os planos nos que se detallen as características dos alzados e os pechamentos da subestación e o edificio de control.

En calquera caso, recoméndase ter especial coidado nas aplicacións das medidas correctoras e de restauración que se sinalan na documentación achegada, as cales evitarán moitos dos posibles impactos diagnosticados e garantirán a axeitada integración paisaxística dunha infraestrutura desta natureza.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2012

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe



Jose Luis Álvarez Vicente

O director do Instituto de Estudos do Territorio



Manuel Bórbio Sanchíz



Francisco Castillo Rodríguez